

Saudamos con agrado a nova poesía, que terá n'estas páxinas un fogar espiritual, e insufragamos a sua colaboración coa seguinte poesía:

## LEMBRANZAS

Non volvás ó pensamento  
ideins qu'eu vin fuxir,  
non volvás a miña y alma  
espínas que me feris.  
Que soy chorón no inverno  
e soy chorón no vran,  
sin que ningún me console  
n'as longas noites de luar.  
Déitome n'a carballeira  
pois n'or rexo c'ho pesar,  
é ali sobre que te sofre  
dou mil voltas n'a follás.  
Os berros d'un corvo negro  
fanme de medo pasmar,  
porque... iquénd sabe aílo probe  
com'eu teña que chorarl:  
Bagullínas, bagullínas,  
os meus ollos non volván,  
ide á pouzar outros ollos  
e deixarme de penar!

HERMINIA FARÍÑA COBIÁN.

No próximo número publicaremos unha carta d'un notable médico na que este louba o libro do señor Sef Leante nomeado "A refracción ocular" que tanto éxito ben conquerdido entre os profesionais de medicina.

## Busca que te busca

### (APÓLOGO)

A probeza botouse á rua na busca d'un amigo. ¡Malpocad! O que la elá buscara...

Atopou co'a riquiza, e dixolle d'iste xeito: "Tí poderías ser a misa amiga; á ti sóbranche cartos, e a mi sóbranche gana de traballare. Imos xuntarnos e xa verás como con amore, traballo e dileito, tómala a felicidade na man. Non te fixes nos meus farrapos, que o meu traballo trocará en rico pano fino. Bállo esta trapallida latxa unha alma de ben. ¡Quen sabe ante ricas teas o que ti atoparás! ¡Selca le fal-a xorde?... ¡esperal...! ¡Non oubes! Eres falmada... Esperta, decátame de que nos perdemos duas... ¡Oube, oubel!

Non quixo oubre. Aquela porta estaba pechada.

E caminou a probeza co'a sua cruz ás costas, sempre en camiño de revolta porque o mundo lle non deixaba endar pol-o dileito. E andivo, andivo, atopou co'a cencia. E dixolle á cencia: "¡Almos traballare xuntos? Nós poderemos sere bons amigos; il pos todos esos intríngules dos números, das máquinas, e tanto che discordan os miolos, i-eu pónerel o traballo e corazón. ¡Qué che parece?..."

—Non pode sere—contestou a cencia—: prasermos amigos i-estar xuntos, é perciso que o dileito vénha con nosco. Nos sóllos non facemos nada. ¡Valte con Deus!

E a probeza pelegrinou de roxo, e atopou-se co'a política. Mais a política axiña que o vixi, deuse a fuxir coma can deente, e la díxindo para o seu falelo: "¡Arrenégote probeza! Si me non trás causa boa; cando me faga falla xa te atoparei..."

E foi de porta en porta a probresa probeza na busca d'un amigo, e non se atopou en niguera.

Eontón dirixiu-se a El Rei, i-El Rei falouelle elixi:

—Te non cances; o mundo está parvo; cada un turra para si. Chegou o tempo da rapina; uns para un lado outros para o outro, i-entramentas non tiren todos para o mesmo sitio, a forza perderse na terra, com'a das trebostadas no ar. O amore, esa expresión do sentimento, o único polo que un pode estar satisfeito de vir ó mundo, perdeuse; non fica mais que a animosidade... Somos feras a pelear... ¡Valte, valte e dille o mundo que desperie, que peche con sete chaves a ira e abra de par en par as portas ó amore, i-en amore s'axuntan todos e traballen pol-o amore de todos, i-entón val si con lles i-alcontrarás cantos amigos queiriss...

Salu a probeza de xunta El Rei, e foi falar li-o mundo, mais o mundo botouse a rir, e miles de voces dixerón: "¡Qué siga a pelexal que siga a loital..."

Y-entón a probeza, a berrar moi forte, com'uns condannados: "¿Non hai ningún que sinta amore? ¿Non hai no mundo ningún amiguo que me bique? ¿Non hai un corsón? Pois vóme ó Inferno, que poi-o que vexo allí estreiñillore..."

E o arte que estaba perta d'ela, dixolle: "¡Ob probilla probeza! non valis aló, arrechégate a mi, aprexiémonos agarrimosamente, que se no mundo non hai ningún que te dé que, bicareite eu..."

E douslle un bico de logo e unha aperta tolá. Dend'aquelha, a probeza e mallo o arte camiñan xuntos.

XOXÉ PALACIOS.

Porrío.

## DISIMULEN

Por mor da folga xeneral que houbo quince días na Cruña, A NOSA TERRA non poido sair na data do 25 do mes de radeiro.

A imprenta onde se edita iste boletín estivo fechada.

Nos titulamos, pois, meio de cumplir c'os nosos queridos irmáns e leutores. E sentímol-o, inda tanto como por iso, porque nos vimos obrigados a rachar orixinas de notabres colaboradores que falabon dos feitos políticos antuaes.

Disimúlenos os amigos. Ben saben eles que a culpa de se non publicar aquel número d'A NOSA TERRA non foi nosa.

### Peneirando...

Bergamín dixo que Romero Robledo en comparanza con Cervantes, foi un santo.

Non sabemos d'una condanación do réxime español vixente más sotxela, e vergonosa.

II II II

Dentro de poucas datas—alá pol-o 15, probablemente—virá á Cruña o xenial poeta da Raza, Ramón Cabanillas.

Xa veredes como os que fan homenaxes ós poetas mortos na clida herculiana, terán moi pouco agrado para o noso ilustre cantor...

II II II

A familia do Sr. Valdés, que herdou—se non estremos trabucados—os miles de pesos que Pondal lle deixara no seu testamento, seguirá facéndose a xorda respeito o mausoleo do xenial autor de "Quetzames dos pinos?"

Eses herdeiros do bardo ben poden facerlle o mausoleo e ainda mais. Están na obriga de honrar a lembranza do glorioso morto.

[Has tra por egoísmo! Non somente de pan vive o home. E a eles lles tería d'agradar que na Cruña erguérse un monumento ó seu parente.

Pondal deixoullles moitas milles de pesos. Pois merecerán andaren en parolas e falas duras se non celban algúns d'aquellos pesados para cumplir c'o inesquecible morto.

[Que bon mausoleo facería o xenial escultor galego Asoreyl! Pois a cumplir co'a vosas sagradas sefiores herdeiros de Pondal.

II II II

Alfonso Castelao, noso xenial humorista, fará no mes d'Agosto próximo unha Exposición dos seus traballos derradeiros no Pazo Municipal da Cruña.

Istes traballos son os que logo levará a un álbum que ha de conquerir gabanzas onde querida.

Traballos de gran strevimento e de fondo-nísma orixinalidade.

Traballos enxebeiros, galeguísimos pola forma e pol-o fondo.

Traballos qués facerán rire e pensar e soñar.

Traballos novos, novecentistas. Entón haberá unha serie de conferencias de personalidades do nazionalismo.

II II II

Dín que herdará no lugar de Besada os calcetos da provincia de Pontevedra suxeitos a inspección de Riestra, o odiado gran cacique de Ourense Sr. Bugallal.

Polda que saí certa a noticia.

E ogallá se confirma. Porque coma Bugallal é o cacique mais tirán e mais bárbaro de Galicia, Pontevedra esnaquizará as cadess d'a escravitude mais crúa.

O xornal *La Región*, d'Ourense, propuxo facer unha asamblea de forzes agrarias e antifascistas en cesa unha das provincias galegas. A d'Ourense, patrocina *La Región*. A de Pontevedra, o xornal pontevedrés *Progreso*. Agora sóllo fálala quen aente e orgaice as da Cruña e Lugo.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

## MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN

### Cemento Asland

Madeiras -- Carbón

## CENTRO XENERAL DE SEGUROS

### IGNACIO PEDREGAL

NA CRUÑA

## Fábrica de Xergóns

e catres metálicos

O R Z A N 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

## A NOSA TERRA

gavilla caciquil produce casi a coto en toda a patria galega. Mais iso non pode ser. Desvinculados, desazonalizados como se hachan a inmensa maioría dos galegos, da terra qu'os formou, da patria, os aldraxes a ela feitos non repercuten, non poden resoar na sua alma como diretamente a eles inferidos. Solo os nazionalistas, donos n'-absoluto d'unha concepción nazionalizada, que nos fai sentir o excentral orgullo de sere n'ados n'-esta terra pol-a qu'adquirimos a inconfundible personalidade de galegos, somos capaces de sentirnos como propias mágoas e os dóres patrios. Aos nazionalistas, pois, toca decidirse a autuar. Das nosas fías é donde unicamente poderán saíre os elementos que terán de pór a aución como fin inmediato de todolos seus autos. E perciso obrar, sin vacilazóns, sin dúbidas. E cando xa haxa resultados decisivos, entones ollarase como o escarmento é algo fácilmente abrangibile sempre e cando a forza d'unha protesta non haza ficado reducida a unhas cantas verbas valeiras, mais ou menos retumbantes.

Hál que decidirse a obrar sin acougo, implacablemente, de xeito rotundo e fermoso. E mester qu'a aición sexa a norma das Irmandades nazionalistas. A guerra mansa e cobarde dos caciques hay que responder con unha guerra a morte, despladada, cruel. E ista guerra non solo debe d'emprendérese contra dos caciques sinón tamén contra dos numerosos lamecús qu'os admiran e rodean.

Pra todos eles, pra unhos e outros un odio santo, unha fonda xenreira. Chegou xa o momento de donar remate a considerazóns e a diferenças. Quen non estexa con nos estará contra nós. Qu'o noso odio envolva a todos por igual, six deixar de tere persente qu'ó sifilar debemos, sempre sifilar preferentemente aqueles que, por más outo están sempre malas visibles.

RAMÓN VILLAR PONTE.

## Inauguración do novo local da Irmandade

### Exposición Imeldo Corral

Da quinze ó vinte d'este mes basea inaugurouse no local da "Irmandade da Fala", da Cruz, a súa nova e posición de cadros de Imeldo Corral.

A de ano pasado deixou unha inesquecible lembranza en cartos d'ela disfrutaron.

Polo a que agora vaise facer supera con molto a outra.

Sintetizadas espústiera na primeira o instante pintor fírmolán. Na d'agora persentará cento e trinta obras, entre paixóns e apuntes. Todas feitas en menos d'un ano.

Nos confiamos un pintor mais fecundo na nosa Terra non en ningures.

Imeldo Corral que prograsa cada dia ten bezas que son acertos definitivos.

Con esta Exposición o grande artista ficará consagrado.

O notable escultor Xaquín L. Mirás tamén levará algúns traballos seus, novos e fermosos á Exposición de Imeldo Corral.

E o gabado rapaz Indalecio Díaz Valliño levará asimismo, endeben, varias cousas suas.

## NOUTURNIO

Zoa o vento n'o pinhal,  
berra o mar embrevecido,  
ladran os cans n'o curral,  
y-o meu curázón ferido  
xeme tamén c'o seu mal,  
com'a un can adoecido.  
A aldea está as escuras,  
chela de maleconía;  
n-a misia y-alma as tristuras  
xuntas loftan a porfia,  
sin que migá de dozuras  
haixa n'esta noite fría.  
A néboa borraillantada  
desfase en cholva miuda,  
n'amentras qu'esnaquizada  
a misia xa muída,  
dormes'a probe cuitada  
de pesar e sin axuda.

HERMINIA FARIÑA.

Valle de Salvés, Agosto 1919.

## DÍCENOS NOGUEROL...

### ¡Qué pouco valen hoxe os cartos!

No ano 1849 mercábase nas feiras e n'-os mercados d'a nosa terra os ouxetos qu'a continuación s'espresan polos seguintes precios:

	Rexas	Maravidis
Un boy.	400	
Unha baca.	350	
Un porco cebado.	200	
Unha toura.	80	
Unha tafaela.	14	
Unha cabra.	20	
Un cabrito.	4	
Un affo.	6	
Unha pita boas.	3	
Un par de capós cebados.	10	
Un par de perdices.	5	
Un par de pichos.	2	
Un par de coellos.	3	
Un par de polos.	2	
Un par de paspallás.	3	
Un bô cabalo.	2000	
Unha mula.	1500	
Un fico d'o país.	300	
Unha burra.	160	
O cuartillo de leite de burra.	3	
O cuartillo de leite de baca.		12
A libra do queixo e da manteiga.	1½	
A libra d'a pescada.	16	
A libra do congro.	24	
Un besugo.	16	
Unha libra de salmón.	4	
Un robalo regular.	4	
Unha libra d'anguilas.	1½	
A ducta de sardinas frescas.	16	
A libra do pan de millo.	8	
A libra do pan de centeo.	16	
A libra de carne.	1	
O cuartillo de víno.	8 a 24	

Prégase a fófolos suscriptores  
que non reciban o noso boletoñ manden a queixa ao ademaisfrador pra  
facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo a os que teñen  
a suscripción en descuberto, remitan  
o importe pol-o xiro postal.

## CARTA BETANCEIRA

### ADIANTE

Cada vez son más entuslasta da nosa causa; sintos mais fondamente e teñio mais confianza no conquierimento d'ela. Non quero descoñecer, emporiso, que abundan molto os indiferentes, que son os que mal nos fan; pero co tempo irémos rebaxando: constancia, firmeza e moito entusiasmo. Os pequenos detalles constituyen un todo importante. Val mais convencer a un rapaz que facer que comulgue con nosco un vello.

Eu vexo estender cada vez mais o noso credo. Denantes, cando se via algúna cousa esquirta en galego causaba risa, hoxe non; hoxe vémolos causar o mesmo respeito que as que están en castelán, pero ainda despertan mais curiosidade.

Eu vexo sentir o galeguismo a moltos que aparentan serenos contrarios. Non fai muitas datas, o día 18, víñamnos dos "Caneiros", e puiden apreciar ben estas causas. Detrás do noso bote, ao lonxe, sintimos cantigas galeguistas, agardamos por curiosidade, e vímos "enemigos", nosos falar como galeguistas dos más entuslastas. N'un bote, no que vífan moltos "pollos bien", un forasteiro cantou poéticamente a divinidá do escreso paixase; cantou en verbas elocuentes a muíña gallega e a betanceira como prototipo da mesma. Ouvímos outro forasteiro que, colo que sin ser irmán da fala, expresou con grande entusiasmo, en galego, palabras de ademiración, fixo resaltar o efecto surprendente d'as augas melgas, nocturnas do Mandeo, e ouvímos, pol-o derradeiro, com'a alcaldé de Betanzos falou tamén en galego. Logo, postos en pe, cantaron todos o hino de Pondal.

Non son istos solos os casos de progreso na nosa causa; tódolos días vexo mostras, algunas pequenas, mais como dicía antes, os moltos poucos fan moltos. Foi tamén o día 16 con motivo da elevación do tradicional globo grande de San Roque; en este día distante do sítio en que estaban preparando a elevación d'iste globo colosal, a praza de Arines en que se leva a cabo ista operación estaba chea de xente, vino achar, e cando se dispuxa a subir, sintiu qu'o público berraba: ¡Terra a Nasal! ¡Viva Galicia! e outras cousas más. Ao ouvir isto non puiden conterno mais e fun contendo a vez o que passaba: O globo iba pintado case todo de caricaturas galegas con alegorías galeguistas. Ousevel, puxéreme ledor: aquilo tamén o fixeron irmáns da fala. Parece-me sintir o pobo galego todo a unha: ¡Terra a Nasal! ¡Viva Galicia!

A nosa causa tem que ir progresando moi amodifio, porque represállan, tal como está hoxe o espírito cidadán—desdeñado e indiferente,—unha idea radical que n'a apatía non entra mais que a forza de tempo e de constancia.

Temos un elemento contrario, que é maioría das mulleres das popos das "Bancas, no habla gallego", díñelle aos seus fillos os que os teñen. E as mozas saíreas, en non sei si é hipócritamente ou non, díñelle que son antipáticos os que falar galego.

Todo isto, emporiso, ten pouca importancia; unbos díño por ignoranza. Outros e outras por illusión. Proba d'isto é que a maioría de cantas persoas falan d'iste xeito son flamenguistas... bueno... tamén non é cultura...

Tamén os touros son pesos enemigos, porque son enemigos da cordura. Os galeguistas temos que facer varias cousas, entre elles faquer que desaparezan as prazas de touros que hai en Galicia. Eu non poderé ver unha Galicia redimida que teña prazas de touros, porque

Berremos, pois, contra d'ises factores da ruina. D'un non é mester falar. Non é nobento andar nomeando de cote as verbas «cácique» y «esquecemento do poder central». Digamos entón, o mais importante, o meu entender, e do que menos, ou nada, se teñen ocupado os xornales. Porqué a emigración é menos importante en Cataluña e Vascongadas qu'en Asturias en Galicia? A resposta dánola o sentido común sin esforzalo. E limitándenos a Galicia porque de ela é más importante o problema por ser maior tamén a cifra d'emigrantes; podemos decir: i E Galicia a rexión mais pobre d'Huelva? Non é. Posse Galicia o seu capital todo en maus de poderosos y o resto d'os habitantes son todos probes? Tam pouco. Non hay, así o entendemos, rexión d'Huelva donde a propiedade está tan dividida, e coasi poderíamos dizer da nosa terra o dito noruego: «i qui casi non se coñece a máxima proxezas».

Porque falamos d'os labregos, porque eles son os que compoñen a maioría de Galicia e tamén os que dan maior continente emigratorio.

Porqué, pois, Galicia é a rexión d'Huelva donde saen mais emigrantes? O asunto é un pouco difícil; pero daremos a nosa opinión n'unhas verbas curtas: Sólo d'os labregos de Galicia pesan mil cargas que non-o deixan rexurdir y pra qué espricalas! O problema consiste d'aquela en evitar esas cargas e botarllas a quem, realmente, debía de telas. Mais inda feito isto non searía resolto iste problema. Demais habería outro que o é, boxe tamén abundantemente. Habería que cisixir do Goberno qu'impuxese un tributo forte aos capitalistas que non tivesen os seus tesouros en movimiento. Os capitalistas gallegos non saben pór o seu capital mais que en sitios donde non produce o que debera producir tratando sempre d'evitar o traballo. O capitalista en Galicia en tanto ten pra vivir deixá de traballar.

Asto é o que nos cría esa casta de «sionitos» que temos en Huelva de quienes dieña un escritor que en compañía do caciquismo son os dous males que tem a nosa patria.

O conquerir, pois, que o capitalista galego deixase de ser tan retraido daría un gran progreso económico y espiritual á nosa terra y evitaria, polo tanto, boa parte da emigración dadas as condicíos naturaes de que está dotada a nosa pátria especialmente pr'a Agricultura e industria derivadas, o que pode ser y é a base d'un futuro benestar do xeito holandés e belga.

Pero pra isto...!

O ABADE AIV.

## I ORFO!

Nos veirales d'o camiño  
ou das augas pracenteiras  
escorrégan d'o medío  
pr'a ir a regar as eivas,  
chorando está Benito.  
— Porqué chorás meu fillijo?  
— dille un vello con agrado—  
— Tes fame? ¡queres paicíño?  
y-o rapáz di moi coitado:  
— E que morreu meu paicíño?

Moi logo benditas de calmas  
aló n'eo s'unian  
outre flores, outre palmás,  
caí n'iste mundo vivían,  
pai é fillo: as duas y-almas.

HERMINIA FARINA.  
Pontevedra.

## OS MEUS ENEMIGOS

(Paráfrasis do Salmo III de David)

¡Ou Xehová, cántos son  
os que contra mí se ergueron!  
¡Cartos son os que viñeron  
a magoarme o corazón!  
Cántos enemigos teño!  
Cántos venen aldraxarme  
e cántos más en roubarme  
a salú posen empeño!  
Se una, por cobardes ou pillos,

bótanme fora da casa,  
outros pón cativa tasá,  
ó pan que gaño pr'os fillos.

Mais Tí, Xehová qu'eres grande  
serálo meu forte escudo:  
que me gardará non duce,  
mentras polo mundo eu ande.

Co-a miña voz ¡Ou Xehová!  
á Tí, dorido, cramei,  
y-a tua voz escoitei  
no Monte da Santidá.

Deume a tua voz esperanza  
pra loitar c-os enemigos.

Eles, pois, serán testigos  
do qu'o teu poder alcanza.

Anqu'elles sexan sin fin,  
xa medo me non darán,  
porque sei qu'a tua man  
alonxaraos de mim.

Como serro a quen seu déno  
deu libertad, dormirei  
sin cuidados porque sei  
que Tí gárdalo meu sono.

Erguete, pois ¡ou Xehová!  
yós que contra mí viñeron  
fires onde me fixeron  
a frida que aberta está.

Con tod'o meu coraón  
iste Salmo ch'escribin.  
¡Qué caya enriba de mí  
e d'os meus tua bendición!  
Ardas Roldán.

Suscríbase V. A NOSA TERRA

## Cántiga humilde

Brisa d'abril  
toda perfume,  
etéreo nume  
contigo vai!

Pedriña humilde  
n'eo chan perdida,  
d'o sol ferida  
és unha estrela.

Negra ramaxe  
o eeo tocando,  
vaise pintando  
d'azul celeste.

Gota d'orballo  
tremelucindo,  
tel-o sol rindo  
dentro de ti!

Humildes couzas  
que ninguén olla:  
ramiño ou folla  
ou gran d'areya.

Tédel-o encanto,  
máis que diviño,  
que o Dios-Meniño  
achou n'a terra...

ANTONIO NORIEGA VARELA.

# ALBORADA

*Rompe o dia seiticeiro  
e o ventiño brincadeiro  
fuga xa no piñeiral,*

*Os canfores  
Reiseñores  
cantan todos pol-o val.*

*As fontiñas e regueiros  
marmulando mainos van  
non hai néboa nos oufeiros  
nín nas corgas, nín no chan.*

*Xa o orballo centilea  
nas follíñas da herba mol.  
¡Ou, rapaces d' esta aldea!  
vinde á ver nacel-o sol.*

*¡Ou rapaces vinde logo!  
que xa nace como fogo,  
que xa brila e alumea  
con moi viva craridá...  
¡Ou rapaces d' esta aldea!  
vinde-o ver que naceu xa.*

*Cantemos, cantemos todos  
cántigas da nosa Terra:  
o sol da nosa Galicia  
moita fartura alumea.*

*Xa dá o sol na frondente ladeira  
onde están os pomares en flor.  
¡Ai! o sol da feliz primadeira  
¡qué, precido sol!*

*O sol da nosa aldea  
bendito sea;  
que cobre os ceos d' azul color  
yenche corgas e vales e montes  
e regueiros e regos e fontes  
de venturas, de vida e amor.*

† MANUEL LAGO GONZÁLEZ

## A "Reunión de Artesanos" e os Poetas galegos

Esta veterana sociedad cruñesa organizou unha serie de veladas nas que os melhores poetas galegos darán lectura ás suas poesías, contribuindo así á maior gloria dos nosos escritores e da Literatura rexional.

O domingo 8 de Marzo ocupou a tribuna a poetisa compostelá Herminia Fariña. Despois d' unhas verbas de saúdo e presentación, ditas en galego, como compriá, polo Bibliotecario do Circo Sr. Villar Ponte, a Sra. Fariña deu lectura a duas fermosas poesías escritas na fala da Terra; despois leu algúns versos mais en castelán, causando en xeneral estraneza aquel incomprendible cambio, en desacordo coas verbas de loubanza que lle adicara o Sr. Villar, en desacordo co espírito da velada, en desacordo tamén co que agardábamos d' ela.

Nós coidabamos ver en Herminia Fariña un bon poeta galego, e atopámonos c' unha vulgar poetisa castelán. ¡E unha pena!

Pubricamos, para conocemento dos nosos letores, unha poesía galega (verdade que é lástima que non siga tan fermoso vieiro encomezado?)

Créanous a Sra. Fariña: a Santa Rosalía non se venera en Galicia polos seus versos castelás senón pola enorme poesía e sentimento dos seus escritos galegos.

## O RETORNO DO GANDO

*Chuvisca... chuvisca...*

*Hai un delor en cada couso,  
fina un cantar de muller;  
no río afogase unha estre la:  
¡Hei, vaca, hei!!*

*Chuvisca... chuvisca...*

*Pechóu as ventans o horizonte,  
n' alcontro á ninguén;  
as fogueiras marcan a sua contorsión:  
¡Hei, vaca, hei!!*

*Chuvisca... chuvisca...*

*Levo un pantasma nos ollos  
que me non deixa ver;  
zoa unha campá a defunto:  
¡Hei, vaca, hei!!*

HERMINIA FARIÑA

## ¡AGARRADEVOS!

O cursi de Gerardo Doval comparou a Pérez Lugín nada menos que con Pérez Galdós. ¡E o colmo das comparacions!

En Doval non nos extrinan estas xenialidades ás que é tan afeizado.

Ainda lembramos cando dixo falando de Concepción Arenal que tiña que ser unha Santa por que o seu pai chamábase Angel.

¡Haivos cada galego na cortel!

\* \* \*

Se continuamos así, dentro de pouco non haberá coruñés que non fose concellal.